CES GALICIA RX2022E170 01/09/2022

Manuel Martínez Varela

De: Xosé H. Vázquez <xhvv@uvigo.gal>
Enviado el: xoves, 01 de setembro de 2022 11:23
Para: Manuel Martínez Varela
Asunto: Re: INFORME DIXITALIZACIÓN CES GALICIA

ATENCIÓN: Este correo electrónico orixinouse fóra da organización.
Non prema en ligazóns nin abra arquivos achegados no correo a menos que recoñeza o remitente e saiba que o contido é seguro.

Querid@s:
Emprego o email que me enviou o Secretario do CES para contestarvos xusto debaixo dos puntos nos que se resume a apreciación da comisión.
Espero que pasárades un bo verán e que retomedes a actividade con toda a enerxía.
Apertas,
K.

Xosé H. Vázquez
Catedrático de Organización de Empresas, Universidade de Vigo.
Tel.: + 34 986 812 479. Info: *http://xhvv.webs.uvigo.es*
REDE: *http://rede.uvigo.es*

O 22/07/2022 ás 11:15, Manuel Martínez Varela escribiu:

> Bos días Henrique,
>
> Onte a comisión sectorial 1 tratou o informe da dixitalización e por unanimidade, acordaron pedir a túa opinión sobre os seguintes aspectos que observaron no contido do informe:
>
> 1. A perspectiva de xénero na elaboración do traballo, posto que está redactado en masculino.

Fíxose unha revisión do texto para incorporar a linguaxe de xénero alí onde foi preciso.

> 2. A dificultade de entender moitas das siglas que se recollen para a xente non experta na materia.

Seguimos o procedemento estándar. Os acrónimos defínense a primera vez que se usan. Fíxose unha revisión de todo o texto de novo para detectar en que casos non se fixera.

> 3. Non conta cunha parte moi importante da sociedade da que se fala (por exemplo fálase da brecha dixital dos maiores pero non se entrevistou asociación de maiores algunha).

No apartado de brechas dixitais por idade, estendeuse a análise para incidir nas dificultades que teñen as persoas de maior idade para acceder a servizos cotiás relacionados coa banca, a sanidade, o transporte, os pagos online, etc.

Sobre a presencia da sociedade no informe:

Recurríuse a fontes como o INE, Eurostat, Osimga, Universidades, Consorcio da Zona Franca de Vigo, R comunicacións... nos que se recolle todo o que é posible recoller dende

fontes secundarias para Galicia. Para aquelas temáticas consideradas clave que non foi posible recoller en fontes secundarias (temáticas de carácter social e económico propostas e aceptadas pola comisión en novembro de 2021 como contido do informe), procedeuse de dous xeitos: por un lado, realizáronse entrevistas cualitativas aos colectivos que considerei cruciais: universidades, centros de investigación, representantes dos traballadores, persoal directivo de empresas e centros formativos, deseñadores de políticas públicas, etc. Por outro lado, para chegar ao resto da poboación despregouse unha enquisa representativa da poboación que derivou en 533 respostas válidas. Os entrevistados son persoas de todas as idades, con diferentes estudos e diversas ocupacións (investigadores, directivas, traballadoras da industria e servizos, desempregados, amas de casa, xestores públicos, mariñeiros de baixura, mariñeiros de altura, mariscadores, pensionistas, agricultores, gandeiros de vacún de carne, gandeiros de vacún de leite, rentistas...).

Nin que dicir ten que a sociedade sempre pode estar máis presente en calquera estudo; tamén neste. Non me parece arriscado afirmar, porén, que este é o informe feito no Estado sobre dixitalización co maior esforzo de integración de aspectos económicos e sociais, e contando ademais coa opinión da cidadanía. Tampouco me parece arriscado soster que, de entre os informes realizados polo CES nos últimos 10 anos (o período no que seguín os informes do CES), este é dos que presenta un estudo de campo cualitativo e cuantitativo de entre os máis ambiciosos. Para contar coa sociedade.

4. O marco normativo non está actualizado.

Cítase a "ley rider" e a de "protección de datos" no capítulo 9. Neste punto non entendo que querería a comisión actualizar. Se algún membro da comisión quere citar algunha lei adicional polos motivos que sexan, dicídeme por favor cal é, e onde vos gustaría mencionala. Sede concretos, por favor, para que as modificiacións respondan ás vosas preocupacións con eficiencia.

5. Céntrase moito no aspecto económico e pouco no tema social. As organizacións do grupo III do CES non foron consultadas.

Os axentes económicos e sociais que se consultaron foron as que considerei cruciais para pensar na dixitalización de Galicia a 10 anos vista. Non pensei o informe en termos de "Grupos do CES", senon que pensei na natureza do traballo o no reto que traslada o seu título para o conxunto da cidadanía galega. Para entender a miña perspectiva, prégovos que vos preguntedes na diferencia que pode haber entre solicitar este informe ao gabinete técnico do CES, ou externalizalo fora.

Se queredes pensar en termos das organizacións que compoñen o grupo III, quizais poida expresalo así: considerei esencial que estiveran as universidades, e por iso aparecen varios investigadores nas entrevistas cualitativas e cuantitativas. No caso das restantes organizacións do Grupo III, xunto con outras moitas organizacións e colectivos que non forman parte do CES, é evidente que poden dar lugar a análises de carácter vertical ben interesantes, pero non me pareceu que tiveran un papel clave na dixitalización de Galicia a 10 anos vista. Permitídeme poñelo doutro xeito, pero en román paladino: nos proxectos que facemos de mitigación/adaptación do cambio climático (tan so como exemplo), nos que sempre hai algún proxecto piloto no litoral ou en zonas rurais, non se consulta aos sindicatos de clase. Entre outras organizacións, consúltase con cofrarías e sindicatos agrarios.

Este foi entón o meu criterio. Como calquera outro, discutible, pero sempre pensando na natureza específica dun informe que versa sobre a transformación dixital de Galicia na próxima década. Dito isto, estou absolutamente aberto a escoitar a calquera membro do CES que crea que faltan opinións cruciais para cumprir co obxectivo que nos marcamos hai case un ano. Decídeme que temas cruciais non se tratan, e se vós estades convencidos de que faltan estes temas, e de que son cruciais, pasémolle a enquisa ás persoas que mellor poden poñer esas ideas enriba da mesa (poden ser incluso preguntas algo diferentes, ata o límite de permitir que digan o que queiran). Despois eu introduciría no capítulo 1 a síntese das súas ideas. Se ademais creedes que os responsables das organizacións do Grupo 3 deben aparecer

con cadansúa entrevista por separado, falémolo. No caso dos reitores, a quenes coñezo persoalmente, permítome suxerir que non lles demos a lata con isto (aínda que por suposto serían os primeiros en contestar se preferides que figuren).

Si fas o favor cando poidas disme para trasladarllo á comisión. Para calquera aclaración non dubides en poñerte en contacto comigo.

Un saúdo
Manuel Martínez Varela

C|E|S GALICIA

Secretario Xeral